

# LUGÓPOLIS

Lugo, maio 2008  
LU-433-1995



*Chyanez*

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística  
IES POLITÉCNICO DE LUGO



## LA ENTREVISTA

### 1. Por que elixiu ser directora do Centro?

*Porque me gusta a docencia. Presenteime porque tiña ganas de traballar polo Centro.*

### 2. Como foi a súa experiencia durante este curso escolar?

*En termos xerais: positiva; aínda me queda moito por aprender e por facer.*

### 3. Atopou moitas dificultades no seu cargo?

*Derivadas das relacionadas coa disciplina do alumnado. O resto coa axuda de todo o equipo directivo e a colaboración do profesorado vaise solucionando día a día.*

### 4. Cre que cumpriu os obxectivos que se propuxo?

*O proxecto que presentamos o equipo directivo é para 4 anos, polo tanto aínda queda moito por facer.*

### 5. Cambiaría algo para o curso vindeiro?

*Imos intentar adherirnos ao plan P.R.O.A. (programa de reforzo, orientación e apoio para 1º e 2º a ESO) que é un programa que trata de mellorar a estes alumnos en temas como a ausencia de hábitos de traballo, pouca motivación, deficiencia de aprendizaxe, etc. Tamén imos tratar de aumentar a dotación de novas tecnoloxías nas aulas. Imos facer reformas no Centro que cremos que continuarán o proceso de mellora iniciado os anos anteriores. Esperamos contar cun laboratorio de idiomas. Queremos potenciar a participación do noso alumnado en todo tipo de convocatorias que promovan as súas saídas a outras comunidades e ao estranxeiro.*

### 6. Cal é a súa opinión sobre o alumnado e o profesorado do Centro?

*Temos rapaces/as estupendos e o que nos gustaría é conseguir o máximo rendemento e obter deles todo o mellor. Gústariame que non visen ao profesorado coma un rival senón como alguén que os vai axudar a aumentar os seus coñecementos e as súas capacidades para saber desenvolverse como persoas na vida.*

### 7. Ampliaría os ciclos formativos para os anos posteriores?

*Gustaríanos moito porque ademais hai novas familias profesionais adaptadas ás exigencias da nova sociedade actual; pero o Politécnico é un centro que está a tope da súa capacidade pois non dispón de máis espazo físico. É unha cuestión que estamos estudando pero quizais a única opinión sería a oferta formativa no réxime de adultos.*

### 8. Que opina sobre a L.O.E?

*Como todas as leis ten cousas boas e malas pero penso que a educación debería deixar de ser unha cuestión sobre a que puidesen xogar ao seu antollo os partidos políticos que en cada momento nos gobernen. Debería existir un pacto de estado sobre unha cuestión tan básica e fundamental como é a Educación dos nosos rapaces/as.*

### 9. Faría todo o posible para que chegue o bus aos arredores no Bacharelato?

*Por suposto que si. Considero que o transporte gratuito debería de estenderse a todo o ensino secundario.*

### 10. Cal foi o motivo que levou a colocación de cámaras en diversos puntos do Centro?

*Tratar de evitar que o alumnado da ESO abandone o recinto educativo en horario escolar e tratar de diminuír as taxas*



*de absentismo e tratar de controlar o mantemento educativo das nosas instalacións.*

### 11. Estará disposta a que un representante de cada grupo tivese media hora para falar cos profesores dos problemas, antes das avaliacións?

*Cada profesor/a ten no seu horario unha hora de recepción do alumnado e resolver odas as súas dúbidas, problemas, etc...*

### 12. Cal é a súa postura ante o fracaso escolar?

*O maior índice de fracaso atópase na ESO, pero non só neste Centro. A min prodúcese un gran sentimento de pena que o alumnado non alcance os seus obxectivos, penso que canto máis formadas estean as persoas mellor poderán desenvolverse na vida. Desde a Administración penso que se está facendo un gran esforzo a través dos reforzos. os PDC, os profesores de apoio, etc. No IES Politécnico temos en marcha todas estas medidas e esperamos continuar nelas pero penso que tamén deberíamos de tratar de traballar máis outras cuestións como o absentismo, os factores afectivo-emocionais, a motivación do noso alumnado...*

### 13. Estaría disposta a conseguir os medios necesarios para informatizar as aulas?

*Desde hai anos o equipo directivo que rexía o Centro fixo unha grandísima inversión en dotar a un mesmo de medios tecnolóxicos (aumento de nº de ordenadores nas aulas, os canóns e proxectores) e somos conscientes de que temos que continuar traballando neste proceso de informatización.*

### 14. Aos alumnos, gustaríalles ter unha excursión de fin e curso. Qué opina?

*Opino que é fantástico porque o centro educativo é ademais dun lugar onde un vén a formarse no ámbito educativo, o lugar que cumpre coa importantísima función de satisfacer unha das necesidades máis básicas do ser humano: a integración social. Neste senso creo que todas as saídas, visitas e excursións contribúen a que o alumnado e profesorado alcancen esta meta. É importantísimo que o alumnos/as se relacionen noutros ámbitos.*

### 15. Cre que está a cumprir todas as obrigacións que supón ser directora?

*Trato de facelo o mellor que podo coa premisa de que aprendo algo todos os días, de que nunca terminarei de aprender e de que hai que continuar traballando moito.*

## A muller dá un paso adiante

Hai moitos anos a muller era considerada unha persoa inferior ao home, ao cal estaba sometida.

No século no que vivimos a muller logrou dar un paso, pero aínda así quedan moitos por dar, para conseguir a igualdade que as mulleres que como calquera persoa somos merecentes.

O traballo da muller consistía en facer os labores do fogar, mentres que o home era o que traía os recursos económicos a casa; a familia baseábase nun matrimonio canónico. O labor delas era formar familias exemplares, sendo así o complemento do home, pero nunca competindo con estes, pois consideraban que as mulleres nunca chegaríamos a ser iguais aos homes.

En definitiva a muller era a que quedaba na casa e o home o "rei", dando pé a un duro machismo, o cal aínda persiste hoxe, pero non tan marcado.

Un claro exemplo desta desigualdade é o dereito ao voto feminino, que non se deu ata as eleccións de abril do 1931, na II República Española. Os case corenta anos de ditadura, fixeron que a muller fose considerada ínfima perante a situación do home, chufándose o labor deste.

O franquismo asentou en España unhas normas bastante machistas e duras. Así unha muller tiña que levar un escote limitado, que non insinuase peito e por suposto que a faldras chegase aos xeonllos.

Se unha muller quería traballar fóra da casa, podía facelo baixo un consentimento previo por escrito do seu home, e por suposto cun soldo inferior.

O adulterio feminino era castigado, mentres que o do home non.

A Sección Feminina, presidida por Pilar Primo de Rivera, xustificaba a a ausencia de participación feminina na vida pública e consideraba o coidado da casa como un traballo que lles correspondía ás mulleres por natureza.

As loitas levadas a cabo en todos os terreos a favor da liberación da muller nas décadas dos sesenta e setenta, chegaron a fondo na sociedade, de forma que se observaron cambios tanto de mentalidade como noutros aspectos: maior acceso a unha sexualidade e maternidade libres e responsables, á Universidade e ao traballo en postos directivos, a conquista da propia identidade, etc.

Desapareceron así algúns dos antigos prexuízos e a muller conseguiu unha maior emancipación económica, que en termos xerais, é a base da súa emancipación social.

Mais non por iso deixaron de existir aínda grandes desigualdades: salarios máis baixos para os mesmos postos de traballo, peor acceso aos postos que implican poder económico e político, o patriarcalismo nas relacións familiares, etc.

O 2008, podemos consideralo como unha data histórica para o avance da muller, sobre todo no ámbito político. Pois por primeira vez na historia de España o goberno conta cunha maioría de mulleres, e por vez primeira será unha muller a ministra



de Defensa, cargo que ata o de agora ocuparan sempre homes, honrando así a todas as mulleres soldados que se sacrifican polo País.

A elección por parte do Presidente do Goberno alimentou antigos prexuízos, que parecían estar soterrados, chegándose a escoitar comentarios do tipo: "unha muller non pode ser Ministra de Defensa, sempre o foi un home", "Nunca o fará tan ben coma un home", "dimitirá".

Estes comentarios saen moitas veces da boca dos homes, pero a elección da ministra dá por fin honra á capacidade das mulleres para dirixir calquera cargo ou posto de traballo, sen ter por que asociar sempre a muller ao fogar.

En canto a situación da muller no Terceiro Mundo, poden constatare avances, pero con todo na práctica aínda son maioría no mundo as mulleres sometidas (malos tratos, mutilacións, escravitude, prostitución...) explotadas ou obrigadas a convivir con parellas que non elixiron e a ter fillos que non desexan.

A sociedade na que vivimos permitiu que a muller dese un paso adiante cara á igualdade.

Hoxe en día é habitual ver unha muller en calquera posto de traballo: militar, enxeñeira, camioneira, toureira, albanel..., aínda que é unha minoría.

A pesar diso, persiste o machismo, como a hora de conducir, pois é habitual escoitar "muller ao volante, perigo constante", "muller tiñas que ser", aínda así somos as mulleres as que temos menos accidentes.

Tamén hai algúns comentarios como o que a muller ter menos forza, polo que nunca pode pensar ser igual que o home; pero non cren que en moitos dos casos é mellor non ter esa forza e ter outras capacidades? Porque moitas veces esa forza dá lugar á violencia.

As duras loitas por parte das mulleres dende hai anos, fixeron posible dar unha zancada cara á igualdade entre homes e mulleres, como exemplo agora podemos escoller a formación profesional que nos agrada, sen ter que escoitar os numerosos comentarios machistas, aínda así queda moito camiño por percorrer na loita da nosa igualdade.

**María Folgueira Fernández**  
2ºBAC TA

## Despedida

A miña andaina neste instituto comezou hai oito anos cando comecei 1º da ESO. Empezaba con medo pero coa ilusión de vivir outra etapa acompañada dos compañeiros cos que compartira a miña etapa de colexio pero tamén con novos compañeiros.

Polas miñas aulas pasaron moitos profesores e decenas de compañeiros. De todos eles levo un grato recordo, de todos eles aprendín cousas e a todos eles lles teño un cariño especial.

Neste centro non só adquirín coñecementos, senón que tamén obtiven vivencias. Pasei os mellores anos da miña vida, soñei, tiven problemas os cales souben superar coa gran axuda recibida dos meus compañeiros e profesores, tamén perdín compañeiros aos cales lles tiña un gran aprecio e aos que recordo cun enorme sorriso.

Quería escribir isto porque para min é a derradeira revista e porque teño que darlle as grazas a moita xente:

-Grazas aos meus profesores (da ESO e do Bacharelato) pola vosa paciencia, os vosos coñecementos e a vosa confianza en min.

-Grazas á profesora que me deu clase durante estes oito anos. Grazas pola comprensión, polos consellos, por escoitarme e por tranquilizarme. *Je ne pourrai jamais t'oublier.*

-Grazas ao persoal de conserxería e secretaría porque sen vós o centro non funcionaría.

-Grazas ás profesoras que nos acompañaron no intercambio cultural, foi unha experiencia única que vós compartistes connosco e a vosa axuda recibida foi moi útil.

-Grazas aos membros da antiga e da nova dirección, sabedes que sempre tivestes a miña axuda e apoio e eu a vosa.

-Grazas aos meus compañeiros de Consello Escolar por esas horas de reunións na biblioteca, que aínda que ás veces nos queixemos é divertido, e pola amabilidade coa que nos tratastes aos representantes de alumnos/as.



-Pero sobre todo GRAZAS aos meus compañeiros, desde o primeiro ao último, porque é moi difícil a convivencia nas aulas (sobre todo se nesa aula hai personalidades que chocan) pero soubestes ter paciencia comigo, axudarme e animarme.

Hai uns meses fixen un fotolog para os alumnos e ex-alumnos deste centro e gustárame que o visitades xa que nel poderedes encontrarvos cos compañeiros que xa non estudan no centro. A dirección é: [www.fotolog.com/gente\\_del\\_poli](http://www.fotolog.com/gente_del_poli)

Non poderei esquecer esta etapa da miña vida e tampouco poderei esquecervos. En setembro remata a miña etapa neste instituto, cérrase unha porta, pero como ben me ensinou unha profesora un día "*outra porta estará aberta*".

Grazas por todo, moita sorte e ata pronto.

**Ariadna García Bermúdez**

**2º Bacharelato Ciencias Sociais**

**Representante de alumnos/as do IES Politécnico e representante de alumnos/as no Consello Escolar Municipal.**

## A Volta o Mundo en 16 proverbios e 6 citas

- Escava o pozo antes de que teñas sede (chino)
- Quen non comprenda unha mirada, tampouco comprenderá unha longa explicación (árabe)
- Cunha mentira soe irse moi lonxe, pero sen esperanza de volta (xudeu)
- A lúa e o amor, cando non medran, diminúen (portugués)
- Antes de vulgar a unha persoa, camiña tres lúas cos seus mocasíns (indio)
- O gran Arquitecto do Universo fixo ao home con dúas orellas e unha boca; para que escoite o dobre do que fala (chínés)
- Ámame cando menos o mereza, xa que é cando máis o necesito (xaponés)
- Non importa a velocidade que leves, se non escolliches a estrada adecuada (alemán)
- A paciencia é unha árbore de raíz amarga pero de froitos moi doces (persa)

- As almas grandes teñen vontades, as débiles tan só desexos (chínés)
- Só se tiran pedras contra a árbore que da froita (hindú)
- O pasado ten fuxido, o que esperas está ausente, pero o presente é teu (árabe)
- O autoritarismo esmaga, a permisividade afoga (francés)
- Aquel a quen o seu sorriso o embelece é bo; aquel a quen o sorriso o desfigura é malo (húngaro)
- Non hai médico para o medo (escocés)
- A verdadeira sabedoría está en recoñecer a propia ignorancia (Sócrates)
- Canto máis pequeno é o corazón, máis odio alberga (Víctor Hugo)
- As tres cousas máis difíciles de esta vida son: Gardar un secreto, perdoar un agravio e aproveitar o tempo (Benxamín Franklin)
- Daría todo o que sei pola metade do que ignoro (Descartes)
- Cando vexas un xigante, examina antes a posición do sol, non vaia ser a sombra dun pigmeo (Von Hardenberg)
- Todos queren vivir na cima do mundo sen saber que a felicidade consiste en subila (anónimo)

## AS TERTULIAS

Cada vez fálase menos delas – a non ser as virtuais-, deses encontros informais entre xente cultivada que fala de arte, de literatura, de política... Sempre as vencellamos a acontecementos históricos e artísticos e serviron moitas das veces como pretexto de conspiración política, como fragua de ideas, como estímulo de proxectos de renovación estética e movementos literarios.

Mais case ninguén sabe que as tertulias son un invento feminino.

Comezan nos salóns e coas salonnieres, naqueles núcleos de poder e seducción onde se utilizaba brillantemente a palabra. Os convidados eran persoas importantes social, intelectual e artisticamente. Xuntábanse un día preciso e discutían de política, de poesía ou dos acontecementos do momento. Todo, por suposto, gracias ó poder de convocatoria dunha atractiva dama aristócrata.

Aínda que o termo provén do século XVIII, atopamos a hetaira Aspasia, a precursora da salonnier. Rodeada de artistas, filósofos e políticos como Sócrates, exerceu unha enorme influencia sobre Pericles (que rexeitou a súa dona por ela); foi atacada por todas partes, mais o seu exemplo impulsou un movemento de emancipación feminina. As hetairas eran xoves gregas que aunaban o sensual co intelixente e recibían unha formación insólita na Antigüidade.

En Roma predominaba o machismo. No ágora e no foro discutíanse as cuestións políticas e filosóficas. Pero as cortesanas instruídas tamén crean nas súas casas un ambiente de declamación e discusión.

Na Idade Media, a muller desaparece da vida social. Só algunhas, ó partir os seus homes ás Cruzadas, puideron dispor de certa liberdade. Unha salonnier destacada desta época foi a raíña Leonor de Aquitania que, separada do seu home, fundou en Poitiers unha corte de musas onde asistían os máis afaados artistas do tempo. Influíu moito na difusión da poesía trobadoresca.

Non podemos esquecer a publicación no Renacemento italiano de *Il Cortegiano*, de Baltasar de Castiglione, manual onde se prioriza o pracer da conversa desenfadada e enxeñosa. Por esta época, Venecia era o paraíso das cortesanas italianas que paseaban os seus encantos polas canles venecianas. A súa de dúas mulleres traspasou as fronteiras: Tullia D'Aragona e Verónica Franco, imitadoras das gregas.

Tanto as hetairas como as cortesanas posteriores crearon espazos de liberdade intelectual, e destacaban pola súa ampla educación.

O rei francés Francisco I, mecenas de Leonardo da Vinci, sentiuse moi impresionado polas donas eruditas das cortes renacentistas e tentou copiar o modelo italiano. A súa irmá, Margarita de Angulema, considérase a primeira novelista francesa do "bel parlare". Escribiu o *Heptameron* (sec. XV) onde se mesturan as historias trágicas coas cómicas, as refinadas coas groseiras, relatadas por persoas de elevada cultura, nunha atmosfera de erotismo.

E xa na Francia do XVII, esta tradición pasou ós salóns parisiños. Cando a primeira salonnier instalou un círculo literario en París, á marxe da corte de Versalles, produciuse un acontecemento explosivo. Esta muller foi Catherine de Vivonne, marquesa de Rambouillet, filla do embaixador francés en Roma. Tó-

dalas noites trala cea, xuntábanse en torno a ela o cardeal Richelieu, o duque de Buckingham e outros selectos invitados para manter unha conversa erudita, entretida e galante. Nestas tertulias os sutís diálogos eróticos substituían ó acto amoroso.

Dende 1638 ata 1645 tiveron enorme prestixio pero tamén lles chegou a decadencia, o culto á palabra foi derivando cara ó exceso: nacía o preciosismo (considerado máis unha reivindicación feminista ca un movemento literario). O refinamento era tal que ás veces caía no ridículo. A verba "preciosa" utilizárona os adversarios deste estilo para designar ás donas que mantiñan un salón literario. E foi satirizado por Molière en *As preciosas ridículas*.

Na Ilustración, os salóns adquiriron enorme significación social. O papel das mulleres na Idade das Luces foi extraordinario. Trala Revolución Francesa, no século XIX desaparecen os salóns; mais se os consideramos como lugares de liberdade artística, estética e creativa, hai que destacar o grupo de Bloomsbury, con Virginia Woolf como aglutinadora do talento naquel colectivo.

O cine tamén se ocupou deste tema. A xa citada Verónica Franco sería a protagonista da película *Más fuerte que su destino* (1999): "Enamórate del amor, pero no te enamores de los hombres", aconséllalle a nai á súa filla Verónica (papel representado por Jackeline Bisset).

Greta Garbo encarnaría á raíña Cristina de Suecia na película do mesmo nome.

Outra sonada película foi *Las amistades peligrosas*, inspirada na historia de Ninon de Lenclos, unha fermosa cortesana francesa do XVIII, encarnada por Glenn Close, que se atopa no cume do poder gracias ó manexo do sexo e dos homes. Mais non só estaba entregada á sensualidade, era moi culta, falaba varios idiomas e tiña habilidades musicais e amigos ilustres.

Hoxe estas tertulias desapareceron por motivos obvios. En España nunca existiron, quizais por esa histórica aversión a todo o que fixese referencia ó país veciño. A tertulia literaria ou política xurdiu no XVIII en Madrid e Barcelona en torno ós cafés. Como foro de confrontación intelectual e conspiración política. As mulleres tiñan prohibido o acceso, agás a escritora Rosa Chacel.

Os cafés literarios con máis súa foron: *Els Quatre Gats* de Barcelona, onde asistían os irmáns Álvarez Quintero, R. Darío, Eugenio d'Ors, Picasso... O café Gijón de Madrid, onde os seus asentados de veludo vermello acolleron a homes como Galdós, Lorca, Machado, Buero Vallejo, Cela, Gala, J. Poncela, Gerardo Diego... O Lardhy, tamén en Madrid, tiña asiduos como Baroja, Gómez de la Serna, J. Benavente, Blasco Ibáñez...

No resto de Europa non podemos esquecer nomes coma o café Greco en Roma, o Florian en Venecia, onde degustaban o bo e carísimo café escritores como Lord Byron, Marcel Proust ou Dickens. Os cafés De la Paix, Guerbois ou o de Flore, en París, este último impregnado da filosofía de Simone de Beauvoir, eterna compañeira de Sartre.

A Brasileira en Lisboa, no barrio do Chiado onde podemos disfrutar da compañía dun invitado de bronce, o mestre Fernando Pessoa, xunto á súa inseparable taza de café. O do hotel Pera Palas de Estambul, o Tortoni en Bos Aires, o Derbi en Santiago ou o do Méndez Núñez en Lugo...

Tomar un café en boa compañía é moi agradable e se namentras se fala de temas interesantes, un verdadeiro pracer.

## CRISE DO LEITE.

### Un empresario do Leite bóttalle un pulso aos gandeiros.

O pasado martes, día 22 de abril, concentrouse unha manifestación de alporizados gandeiros procedentes da provincia de Lugo, Galicia, Asturias e Castela e León fronte a sé da fábrica de Leite en Lugo. Comezou coa lectura dun manifesto a cargo dun vogal do sindicato Unións Agrarias, contra o empresario e presidente da fábrica de Leite polo recorte de 0'07 € por litro de leite na súa compra aos gandeiros. O motivo aducido para chegar a esta situación de recorte na compra do leite foi que *"non se vende leite suficiente"* e *"o prezo de venda baixou máis có de compra"*.

Trala lectura do manifesto comezaron a producirse unha serie de altercados, como foron o lanzamento de pedras e cartóns de leite, e o intento por parte dos máis de 1000 gandeiros, alí concentrados, de acceder ao recinto pechado da fábrica de Leite. Foi aquí cando os máis de 80 membros da Policía Nacional, dos cales, uns 30 eran antidisturbios, interviñeron facendo carga contra os gandeiros.

Finalmente a manifestación disolveuse ao redor das 14:00h. do dito día, as consecuencias foron inmediatas: en canto o aspecto da fábrica, a entrada quedou totalmente

desfeita; a porta da entrada arrincada, e as reixas de perimetración tamén arrincadas e outras cedidas. Produciuse a queima dun carro de madeira exposto na entrada principal, queimáronse contedores da lixo e o letreiro a pé de chan da fábrica de Leite, quedando sen ningunha letra.

A reacción do empresario foi instantánea: por unha parte no relacionado cos gandeiros, comunicou que recollería 100.000 litros de leite menos ao mes, e cancelou a construción dunha fábrica de envasado en La Bañeza, na provincia de León, afirmando que *"non iremos a onde non nos querren"*. No que se retire ao máis próximo, no estado en que quedou a fábrica de Lugo, sinalou que: *"non arranxaremos nada durante algún tempo no estado da fachada da entrada, pois cada vez que a mire recordárame a min mesmo"*

**Ruth Santiso Salgado / Héctor González López**  
1º BAC Humanidades



## Fillos de Vilabranca

A mañá chegou por sorpresa. Ao ver luz entre as contraventás, levantouse. Tiña dor de cabeza tras unha noite de pouco durmir.

Ansioso, dirixiuse ás ventás e abriunas de par en par para ollar aqueles campos en flor que lle traían tantos recordos de infancia. Pechou os ollos e respirou con forza para absorber os olores...

O sol comezaba a brillar.

Diante do espello, recordou aquela madrugada lonxincua. Daquela as terras estaban xeadas, e o ánimo tamén...

Na casa estartelada, á luz do candil, había un intenso trafego. A súa nai daballe os últimos consellos, antes de entregarse a un pranto sen consolo. O pai gardaba silencio nun recuncho observando todo coa amargura encallada na alma...

Enxaboo a barba sentindo o frío daquel amanecer de despedida incrustado nos ósos... Abrazou aos seus pais preguntando se os volvería ver e saíu da casa coa desesperación roéndolle as entrañas. Andou cinco quilómetros entre árbores e agras de verdor esvaecido pola brétema, logo colleu un tren e finalmente o barco durante días interminables.

A navalla de afeitar limpou o último rastro de xabrón sobre a cara. As vellas emocións ían reaparecendo: O medo oprimíndolle o peito ao ver a gran cidade entre a néboa. A idea de abandonar o seu pobo, decidida o día grande das festas...

O acordeón soaba a pasodobre e a mazurca, cando un veciño lle falou do que contaba o seu irmán nas cartas que lles lía don Xosé, o mestre. Do diñeiro que se gañaba ao outro lado do océano...

Aquela noite, de temperatura suave e estrelas rutilantes, non puido durmir.

Anoou a gravata evocando o andar desanimado que o afastaba do barco mentres a cidade o ia engulindo.

A vida non resultara fácil: Aprendiz de mil oficios e hóspede de case tantas pensións de paredes esconchadas e olores rancios, ata que,

cansado de soportar horarios crueis e sacrificios sen conto, chegou a instalarse pola súa conta.

Entremetres, os anos transcorrían con rapidez, un, outro e outros moitos...

Puxo a chaqueta e abrochouna con parsimonia entrelazando recordos dolorosos: A morte do seu pai, tuberculose; o incendio da casa familiar; a morte da nai despois dunha enfermidade de que lle ocultaran...

Ollou o reloxo. "Amigos, os que unha vez fomos lonxe da terra por necesidade..."

Revisou mentalmente o discurso que ía pronunciar e saíu do hotel. O edificio próximo estaba engalanado con bandeiriñas de cores. Subiu a escalinata entre nenos nerviosos, nais de mirada agradecida e pais co respecto gravado no rostro... "Hoxe, por fin, comezamos a forxar un futuro no que os nosos fillos non terán que emigrar por necesidade...", as palabras fluían con sinceridade. "E se algún día, cando sexan maiores, decidiran ampliar horizontes, que non teñan que sufrir as penurias que nos tivemos que superar... Os que un día cruzamos o océano á busca de futuro, estivemos de acordo en obsequiar ao noso pobo coa mellor herdanza que podemos ofrecerlle..."

O sol tiñase apoderado da praza. A xente gardaba un silencio reverente. Por encima do conferenciante, no alto do edificio recentemente construído, podía ler:

**FILLOS DE VILABRANCA**  
1929  
**ESCOLA**

Aos emigrantes que sementaron de escolas os nosos comarcas, con eterna gratitude.

**CELESTINO MENDAÑA**



## Acebo. O comandante Moreno.

O día 20 de outubro de 1937 un comandante coa súa plana maior regresaba ao seu fogar tentando fuxir da masacre da Guerra Civil.

Nestes anos toda a poboación dun mesmo país se atopaba irreconciliabilmente dividida, dolorosamente enfrontada. Uns loitaban pola liberdade e outros pola represión. O noso protagonista pertencía aos primeiros, loitaba contra as ideas fascistas, loitaba a prol da igualdade e da xustiza, pero, como aquí se relata, non foron eses valores cos que se atopou.

Neste día de outono, os 15 milicianos dirixíanse cara A Coruña cando sentiron a negrura no lombo e decidiron parar facer noite mun pallar do porto do Acebo. Quizais o medo ou o cansazo fixo que confundiran a escuridade da noite coa negrura da desgraza. E así foi que mentres o Batallón Galicia durmía, algúns veciños subían cara á vila da Fonsagrada dar conta á Garda Civil da presenza dos militares.

Chegaron os falanxistas e con eles chegou máis a noite. Descoñecían a División pero os sinais anarquistas deron lugar á loita. Foron tamén as roupas as que delataron ao comandante quen logo de sufrir o martirio fascista foi enterrado cos seus homes polos mozos e nenos do pobo nun foso aberto na terra con paus e pedras.

A historia do Comandante Moreno correu de boca en boca entre Galicia e Asturias mantendo viva a súa lenda que fora borrada da historia oficial. Así se mantivo, lembrada polos vellos e ignorada polos novos, ata que 70 anos despois o achado dos seus restos no pobo do seu tormento, fixo que todos coñecéramos a súa historia.

Este descubrimento supuxo para os máis novos o achegamento a uns anos que parecen moi afastados e esquecidos pero que supuxeron unha ferida moi profunda na Historia deste País. Historia que en ocasións se desenterra para facernos lembrar a dor e a inxustiza que unha guerra aporta.



Isabel Manchado Rodríguez  
2º BAC TA

No pobo de Acebo  
pobo de poucos amigos  
onde matan aos homes  
despois de tantos martirios.

Aínda que son un pobre ancián  
e sen carreira ningunha  
xa sei que vou camiñando  
dereitamente á tumba.

Pouco antes de morrer  
e con gran sentimento  
eu voules explicar  
este tráxico suceso.

Como xa están decatados  
nesa vila de Acebo  
mataron a dezaseis  
e ao comandante Moreno.

Estes viñan de Asturias  
ás súas casas de regreso  
facendo uso do dereito  
que lles concedeu o goberno.

Hospédanse nunha palleira  
sen mantas e sen colchón  
sen saber que eran as pobres  
víctimas dunha traizón.

Os do pobo do Acebo  
finxindo de esquerdistas  
marchan á Fonsagrada  
dar conta aos falanxistas.

Estes viñeron moi pronto  
aínda que viñan de lonxe  
alí asasináronos  
coma se foron coellos.

Están xa os corpos destes  
na fosa descansando  
máis lle valese ao Moreno  
estarlles acompañando.

O Moreno non caeu  
cos demais compañeiros  
á fuga deuse  
pero caeu prisioneiro.

Con dous tiros no corpo  
alí de mala maña  
moitos martirios lle fixeron  
na mesma estrada.

Os martirios e traxedias  
que lle fixeron pasar  
ao comandante Moreno  
é imposible explicar.

Uns danlle labazadas  
outros danlle puntapés  
outros fanlle preguntas  
ao dereito e ao revés.

E despois de longo tempo  
sen darlle ningún sustento  
unha partida de paus  
dábanlle por alimento.

Unha vez feito cadáver  
o comandante Moreno  
foi levado ata a fosa  
dos demais compañeiros.

e despois teñen valor  
a subir á estrada  
uns coa pluma de ouro  
e outros coa gran guerreira

cunha boa zamarra  
do comandante Moreno  
paseaba en Fonsagrada  
o outro día un "caballero".

Onde está a camiseta  
do comandante Moreno  
seguramente gástase  
en Río Torto de San Pedro.

Onde está o reloxo de ouro  
do comandante Moreno  
seguramente gástase  
no pobo do Acebo.

Onde está a cazadora  
do comandante Moreno  
seguramente gástase  
moi pretiño de San Pedro.

Quen son aquelas dúas luces  
que pasaron ao Acebo  
son as sobriñas maiores  
do comandante Moreno.

O comandante Moreno  
home honrado e valente  
nas montes do Acebo  
aí lle destes a morte.

Falanxes de Fonsagrada  
non poderedes subir ao ceo  
porque alí está de porteiro  
o comandante Moreno.

Falanxes de Fonsagrada  
agora estaredes contentos  
non teredes medo á fame  
coa carne que fixestes.

No ano trinta e sete  
no alto do Acebo  
matastes a dezaseis  
e ao comandante Moreno

Ao Moreno non lle importan  
cinco balas de fusil  
que lle quitaran a vida  
e non lle fixesen sufrir.

onde está a camiseta  
do comandante Moreno  
seguramente gástase  
en Río Torto de San Pedro.

Uns danlle labazadas  
outros danlle puntapés  
outros crávanlle agullas  
nas uñas dos pés.

Onde vai a cazadora  
do comandante Moreno  
seguramente tena  
Joselillo de Robledo.

Onde vai o reloxo de ouro  
do comandante Moreno  
seguramente teno  
o Caielo de San Pedro.

E o xastre de Carballido  
como era tan lixeiro.

"Deull'un golpe ca culata  
Hala axina prá furada."

## Entrevista a Benigno Valín López

Don Benigno Valín López ten 84 anos e é veciño de Santa Eulalia de Lousada. Nesta entrevista vains falar dos oficios que exerceu ao longo da súa vida.

-Boas tardes, formamos parte do alumnado do instituto IES Politécnico. Gustaríanos moito que nos puidese contar, desde a súa propia experiencia os traballos artesanais que se facían na súa propia xuventude.

- Encantado. Gústame moito recordar esa época, aínda que era moi dura.

**En que traballou?**

No ferro e no viño.

### SOBRE O FERRO

**Que ferramentas fixo?**

Fouces, rellas, fouciños, aixadas e machetas.

**Como se facían?**

Aixada: Primeiro facíase o ollo e hai que soldalo e pegalo a un anaco de aceiro de baesta.

Fouce: a un anaco de aceiro pégaselle unha miguiña de aceiro porque este só rompía e para evitar isto empregábase un anaco de ferro.

Fouciño: facíase só de aceiro de landra e logo facíase coma a fouce.

Rella: había que botar diante unha miguiña de aceiro, ao que había que ir rompendo todo.

Macheta: cun anaco de ferro facíase un antano e despois dobrábase e soldábase todo o ollo cun anaco de aceiro. Despois había que estiralalo. Para preparar o ollo volvíanse meter ao lume as tres pezas e tíñanse que poñer ao roxo vivo. Metíase para meter no ollo e para diante unha pastíña e volvíase a meter ao lume. Petábaselle co martelo e despois facíase o pico. Finalmente, era cando se perfeccionaba a macheta.

**Cal era a ferramenta máis difícil de facer?**

A aixada.

**Que materiais empregaba?**

Ferro e aceiro.

**Que utensilios utilizaba?**

Sachos, tenaces para coller o ferro quente... todo tipo de ferramentas.

**Que ferramentas eran as máis interesantes en facer?**

A ferradura e o picachón.

Ferradura: había que meter ao lume un anaco de ferro. Cun punteiro (tiña que estar moi quente o ferro) había que estiralalo dun lado e no outro metíanse as puntas e furábanse os seis buracos nas beiras deixando tres centímetros de distancia entre eles. Polo medio non se podían facer buracos.

Picachón: todo de ferro e despois ao quentalo abríase no medio cun cicel. Despois había unha boca ancha e outra. Cun punteiro, se era moi gorda, pegábase un anaco de aceiro e se era moi delgada tamén se pegaba un anaquiño del. Ademais facía picañas e rengueiros, pero daban máis traballo.

**Axudáballe alguén?**

Si, para pegar dous ferros, para tirar do barquill e para dar coa maza.

**A quen lle mercaba o ferro?**

A *La Asturiana*, que levaba a pedra para a fábrica *La Bellota* en Bilbao. Esa pedra fundíana nos fornos e xa tiñas as formas para facer os picachóns, as picañas...

**Canto custaba o ferro e o aceiro?**

As barras de aceiro a 15 pesetas, as de ferro a 8 pesetas e a besta a 6 pesetas o quilo.

**A canto vendía as ferramentas?**

Os fouciños a 8 pesetas, as fouces a 18 pesetas, as rellas a 15 pesetas, as aixadas e as machetas a 100 pesetas e as ferraduras a 4 pesetas.

**Tiña un lugar especial para traballar?**

Si, un caseto. Ao entrar o primeiro que se vía era o barquill, as zafras, martelos, tufos de machetas, sachos, unha pía de auga para arrefriar o ferro...

**Que utilizaba para protexerse?**

Un mandilón de pel de becerro que se ataba ao pescozo e á cintura. Chegaba polos xeonllos ou un pouco máis abaixo.

**Que utilizaba para quentar o barquill?**

Carbón, que servía para quentar o ferro.

**A que anos empezou a traballar neste oficio?**

Aos 21 anos aproximadamente.

**Cantos anos traballou como ferreiro?**

20 anos máis ou menos.

**Gustáballe traballar no ferro?**

Si, aínda que eu non tiña moa para afiar os fouciños, pero tiña o barquill, a zafra e os mazos.

**Alguén da súa familia traballou no ferro?**

Non.

**Recomendaríalle a alguén traballar no ferro?**

Non porque era moi escravo.

### SOBRE O VIÑO

**Como se facía o viño?**

Había que mercar uvas e machucalas nos bocois. Premelo á mañá e á noite ata que paraba de ferver e logo botábase na barrica. Había que ir probando o viño de vez en cando para que non se picase.

**Axudáballe alguén?**

Si, a familia.

**As uvas comprábanse?**

Si, e había que ir un mesmo por elas.

**A onde as ía buscar?**

A Vilafranca do Bierzo.

**Canto custaba o quilo de uvas?**

Ao primeiro 16 pesetas, pero despois subiron moito.

**A canto vendía vostede o litro de viño?**

A 20 pesetas.

**Cantos litros facía de cada vez?**

500 litros.

**Como vendía o viño.**


En garrafas.

**Tiña un lugar especial para traballar?**

Si, era onde tiña o bocoi, as xerras e as garrafas.

**A que anos comezou a traballar no viño?**

Aos 40 máis ou menos.





**Gustoulle traballar no viño?**

Si porque non era un traballo moi escravo aínda que había pouca venda.

**Traballou alguén da súa familia no viño?**

Non.

**En que lle gustou traballar mais, no viño ou no ferro?**

No viño, porque era máis limpo e non se queimaba ningún.

**Moitas grazas pola súa amabilidade e por prestarnos un pouco do seu tempo para falar dos seus antigos oficios: o viño e o ferro.**

Non hai de que, xa o sabedes, cando volvades precisar de información sobre estes campos non dubidedes en vir onda min, que vos respondo encantado.

**VOCABULARIO**

**Zafra:** onde mazaba

**Olló:** onde se mete o mango de madeira.

**Barquil:** era onde daba o lume e onde se traballaba. Estaba formado por tres departamentos de madeira. O de baixo estaba forrado de pel de becerro por cada lado que tapa o buraco por onde lle entra o aire para o do medio. Entón ao parar de soprar báixase a arandela e a carga o de riba, o que deposita o aire e este vai ao lume.

Beatriz López Galán 1º BAC H1

Beatriz Gandoy Liz 1º BAC HI nº 11

**Adicción ao móbil**

A adicción ao móbil é unha enfermidade primaria, crónica, con factores xenéticos, psicosociais e ambientais que influencian o seu desenvolvemento e manifestacións. A enfermidade é frecuente, progresiva e fatal.

Caracterízase polos episodios continuos ou periódicos de descontrol sobre o emprego, emprego a pesar das consecuencias adversas e distorsións do pensamento, máis notablemente negación.

Segundo un estudo, medra a adicción ao móbil, sobre todo entre mozos, aos que o seu uso xera ansiedade e angustia.

**És adicto?**

A factura é o primeiro aviso. Superas os 30 € mensuais?

Cambio de actitude. Só sabes falar a través do teléfono e non te relacionas igual cara a cara?

Non te separas do móbil? O móbil acompañaate sempre?

Se usas o móbil para comunicarte coa familia e amigos, por que estás pendente del cando os tes ao teu carón?

Modificacións do hábito do sono. Estás falando ou mandando mensaxes ata altas horas da madrugada?

Sénteste nervioso ou angustiado cando non tes o móbil preto?

Velaquí uns claros exemplos dunha persoa que xa padece esta enfermidade:

Iván é un rapaz de dezanove anos, fillo duns pais de clase media, e que ten teléfono móbil. Pola mañá vai á Facultade da localidade onde reside. Polas tardes asiste a un centro de rehabilitación para desengancharse da adicción ao móbil. No



verán de 2003 chegou o primeiro desgusto: en vinte cinco días gastou máis de 600 euros en chamadas e mensaxes. Iván, que tiña o teléfono de contrato, gañou unha boa bronca e perdeu o móbil. Aos poucos días pediulle unha oportunidade aos pais, eles confiaron nel e devolvéronlle o terminal. Nunha semana xa gastara de novo 100 euros, do que resultaron novas discusións e nova retirada do móbil, pero Iván volveu convencelos e despois, de alí a cinco días xa tiña cen chamadas e consultas en Internet. Daquela quitáronllo definitivamente. Posteriormente foi ingresado nun centro do que tempo despois saía repostado.

E agora preguntémonos: este problema rematará ou seguirá influíndo na nosa sociedade? Frearase o problema dalgún xeito? Tal vez aprendamos a vivir con esta enfermidade.

Óscar  
2º BAC TeA

## FRIOL

Friol é un municipio que ten personalidade propia. A través dos seus montes, dos seus ríos, da súa paisaxe en xeral, ofrece unhas peculiaridades moi notables.

É un lugar que ten encanto e maxia. Apodérase das persoas pouco a pouco, ata cativalas plenamente. Ocupa unha posición central dentro do borde occidental da provincia, esténdese cara aos confíns de A Coruña, en terreo bastante montañoso, cruzado polos ríos Narla e Parga.

Na época medieval as terras de Friol foron obxecto de loitas, preitos e inxustizas por parte dos señores feudais. Durante o século XV case todas as terras do actual municipio de Friol eran os donos da torre de San Paio de Narla.

Pequena historia da torre de San Paio de Narla:

Na idade de Ferro, a Castronela, aldea da parroquia de Xiá, xa serviu de asentamento humano. A construción primitiva da Torre de Xiá seguramente data do século XII ou XIII, aínda que os primeiros documentos que fan referencia a ela son do XIV. Un século máis tarde, a Guerra dos Irmandiños, provocou graves estragos na torre, pois en documentos do século XIV, Vasco das Seixas ordena traballos de reconstrución da Torre.

A finais do século XIX os Campomanes véndena á familia Novo, que á súa vez a venden a un novo propietario que pretendía demolela para recuperar a pedra. Afortunadamente a Deputación consegue evitar ese derrubamento ao adquirir a Fortaleza, que pasa a ser propiedade provincial no ano 1939.


No edificio, composto por tres corpos e unha capela exterior, aprécianse elementos construtivos pertencentes a diferentes épocas que abranguen desde século XVI ao XIX, aínda que reaproveitando materiais medievais.

A torre de San Paio de Narla contén unha famosa lenda, a que representa o escudo de Friol, o seu contido é moi interesante.

### Lenda da Cova da Serpe:

Nesta lenda cóntase que o señor da Torre tiña unha fermosa filia chamada Berta. Un día Berta quixo dar un paseo nun áxil corcel polos contornos da Torre. Asustado o seu alazán, desbocouse; pero un fornido mozo, que se encontraba naquel lugar logrou dominar o cabalo.

Berta, ao verse salvada polo gallardo galán, interesouse por el, tomándolle gran cariño e, quedaron ambos namorados. Os dous xoves procuraron verse en segredo, pero pronto foron descubertos os seus amores polo señor de San Paio, que lles mostrou franca oposición o que os induciu a fuxir.



Un día, Berta desapareceu do castelo. Sabedora que se fugara cun labrego, o señor de San Paio mandou aos seus criados para que os perseguisen e matasen o ladrón que se atrevera a roubar a súa filia.

Ao sentirse acometidos de cerca, os namorados non viron outra salvación que agocharse nunha cova que atoparon no seu camiño -mais con grande asombro- viron que unha enorme serpe se deslizaba cara á encantadora rapaza. A cobra intentaba lanzarse sobre Berta pero o mozo, para salvala, sacou do cinto un puñal, e agarrando o enorme reptil, cravoullo na cabeza. A serpe e o xove agonizaban ao mesmo tempo.

Por iso a esta cova lle quedou o nome de "A Cova da Serpe" que tamén lle deu nome ao monte no cal está dita cova.

### Lenda da Pena Castrela:

Esta é outra lenda importante de Friol, pero non tanto coma da Cova da Serpe. É propia de Narla, unha parroquia de Friol.

Esta lenda conta que había unha meiga que vivía nunha cova dentro da pena Castrela.

Un día a meiga ía por auga, cerca da dita pena, coa súa filia. Xusto nese intre a pena rolou e matou a nena da meiga e a ela rompeulle a ola. Entón a meiga botou este meigallo:

*PENA CASTRELA TIRÁCHESME A OLA,  
ROMPÍCHESME O FUSO E MATÁCHESME A  
NENA. MALO RAI O SEÑA E TE FENDA DE RASO  
A ORELLA.*

E mandoulle unha pedra e partiuna ao medio.

Hoxe en día aínda se pode ver a pena partida ao medio pola pedra e tamén as rabuñadas e pisadas feitas na pena pola meiga.

**NEREA COBAS LOUREIRO  
DANIOLA RODRÍGUEZ ESPIÑO  
CRISTINA TORRES VARELA  
LIDIA SANTOS DABLANCA  
1º BAC H**

## Animais míticos Criaturas universais



A maioría da xente gústanlle os contos, narracións e lendas nas cales aparecen criaturas xigantes e míticas que normalmente viven confinadas en lugares inaccesibles, nas profundidades mariñas, grutas, montañas e bosques.

En todos os países, hai lendas e contos relacionados con estes animais místicos, aínda que a ciencia deu demostrado que moitos destes animais

non existiron, moita xente segue crendo neles.

### O grifo

O grifo é un animal lendario con cabeza de aguija e corpo de león, estaba consagrado a Apolo a quen lle servía de montura. Este animal aparece en numerosos escudos na Idade Media.

### O dragón

As serpes sempre deron repugnancia instintiva e parece que os gregos chamábanas (dragóns) e a todo réptil considerábano unha serpe. Tanto en Occidente coma en Oriente atopamos este fabuloso animal: unha serpe xigante, con ás de morcego, patas provistas de garras, unha pel cuberta de escamas unha boca enorme da cal sae fume e fogo e un alento pestilente. Con frecuencia representase o dragón como o protector dun tesouro. En numerosas historias aparece tamén como un animal con varias cabezas. Na Idade Media recuperouse esa tradición e durante esa época o dragón personificou ao Demo e os seus poderes, atacaba pobos e mataba xente. En China téñeno como un dos catro animais sagrados que son: o fénix, o dragón, a tartaruga e o unicornio. A diferenza que teñen as lendas occidentais coas orientais é que o dragón non ten que ser malvado.



### A quimera

A quimera era un animal con cabeza de león, corpo de cabra e cola de dragón. Tamén hai outras descrições como que ten tres cabezas, unha de león outra de serpe e unha de cabra. A mitoloxía grega preséntaa como un monstro femia que vomita chamas. A lenda tamén conta que Belerofonte mandado polos deuses acabou con ela grazas a axuda do seu cabalo Pegaso que era o cabalo alado. Ao vencela Belerofonte, intenta subir o Olimpo pero Zeus cégao e cae e morre.

### O can Cerbeiro

Era un animal que atrae moito o interese dos poetas e escritores. Tiña forma de can moi fero e con moitas cabezas algúns podían ter ata cen, e segundo a lenda era o garda do inferno. Os únicos que o deron vencido foron Hércules e Orfeo coa súa lira.

### Os centauros

O centauro é unha mestura entre un nome e un cabalo, o torso do home e o corpo do cabalo. Este estraño ser, nacen na mito-

loxía grega. A lenda sitúa o pobo salvaxe dos centauros en Tesalia e Arcadia. Uns pensaban que eran fillos do rei de Tesalia e outros que descendían de Apolo deus do sol. O centauro máis coñecido é Quirón, fillo de Crónos e de Filira filla de Océano, este centauro axudou a Hércules e Aquiles.



### O fénix

Era un ave fabulosa que segundo crían tiña forma de aguija pero con plumas roxas e azuis e que habitaba por onde o río Nilo. O ave fénix, segundo conta lenda, pode renacer das súas cinzas polo que é inmortal. A lenda exactamente conta que o fénix leva as cinzas de seu pai ao sol para que se queime en sacrificio e desas cinzas nace un ovo novo.

### O unicornio

Citado por Plinio, parecía un cabalo, pero con cabeza de cervo, patas de elefante, cola de xabarín e un longo corno negro na fronte. Outros describíano como un cabalo branco cun corno tamén branco na fronte e que só se podía achegar a el unha nena. Para os chinos e sagrado e matar ou ferir un produce moitas desgrazas.



### A serea

As sereas son animais mitolóxicos procedentes do mar con torso de muller e corpo de peixe. Segundo moitas lendas as sereas atraían os mariñeiros cuns cantos que os hipnotizaban e atraíanos ata as rochas para que se afundiran os barcos.

### O monstro do Lago Ness

Un dos monstros máis coñecidos na actualidade. Segundo se conta habita no Lago Ness en Escocia. Moita xente afirma telo visto e mesmo existen fotos. O animal ten forma de serpe xigante con aletas para nadar e dise tamén que pode ser un animal prehistórico que quedou no Lago Ness encerrado. Fixeron numerosas probas para buscalo pero sen ningunha sorte.

Rubén Racamonde Espiño  
1º BAC H



## Amores que matan

Esta historia é unha clásica historia de amor na que non hai o típico home de bo ver e a típica *damisela* fráxil que intenta ser engaiolada; sacando iso, a historia aseméllase a unha telenovela.

Todo acontece unha noite na que unha festa de aniversario reúne aos amigos, entre este grupo de persoas atópanse os nosos protagonistas: Muro e Meiguiña. Tras a cea saen todos de festa nocturna polas escuras e ruinosas rúas sarriás. Despois dunhas copas, Muro chamou a Meiguiña para bailar unha peza; este acontecemento terá bastante aquela. Todos pensamos que fora un arrebatado dun adolescente en celo, dun macho cheo de razón e cincuenta litros de viño; pero non estaba cheo, só contento, mais este era un astuto plan de conquista e cortexo. A pobre Meiguiña non desconfiaba que o astuto Muro andaba tras dela.

Pasan os días e saen á luz unha serie de rumores nos que se desvela o amor segredo de Muro, que tras tempo de discusións e de insultos á moza, quedou enfeitizado pola súa beleza.


Pequenas mostras vannos dando pistas de que os rumores son certos, achegamentos, galanterías e insinuacións dinnos que esta paixón xa non se pode reprimir, isto xa non ten volta de folia.

O astuto Muro non se decata de que a pequena *damisela* está namorada dun bo mozo, de nobre corazón, traballador pertencente ao poboado castrexo, traballa para pagar o seu carro tirado por cento e moitos cabalos; este home chamado o "*home do GTC*" tamén estará namorado da pequena *damisela*.

Meiguiña e o "*home do GTC*" manterán un romance case segredo ata que un día Muro resulta sabedor do que acontece e aínda máis, segue coa súa conquista: chamadas perdidas e mensaxes que acosan á pobre muller pola cal dous homes están morrendo polos seus ósos como cans famentos.

Un día Muro cesa co seu acoso de chamadas perdidas e mensaxes; pero ao parecer era porque se lle esgotara o saldo. A moza pensou que xa cansara pero cando reiniciou o acoso, a anoxada Meiguiña foi a onde Muro que como sempre estaba no corredor coa súa pose sexy, eses pantalóns axustados e o seu pelo en alza (como *Marge Simpson*). Meiguiña dille que xa está farta, que non quere nada con el e que pare coas chamadas.

Ao medio día, á hora do xantar estabamos todos como cada martes na taberna de Rafael (65.2) mentres tomabamos o xantar e xogabamos uns futbolíns. Muro, sentado na barra, comeza a falar con Meiguiña todo fachendoso das súas saídas nocturnas deixando caer certas indirectas que mostran a forte atracción sexual do macho.



Xa máis contra á tarde, en pasantía, a *damisela* e máis eu saíamos da clase cando chega Muro e Michael e entretivémonos falando con eles e co rapaz de clase. Meiguiña facendo un aceno para marchar achégase ante os recién chegados que estaban arrimados á porta, cando de súpeto Muro deixa "caer" a súa man na cacha da pobre moza, que petrificada ante esa situación non reaccionou, quedando así asustada polo que puidese pasar co macho.

Unha noite de romaría, Muro co seu vaso na man, atopa a Meiguiña co seu rapaz nun local moi coñecido na zona, Muro con máis alcohol que sangue correndo polas veas, achégase á feliz parella que estaba ao seu lado falando cuns coñecidos. Coa chegada de Muro ata a parella, fórmasse un corro ao redor dos tres individuos e comezan a discutir, esta pelexa é levada a rúa onde comezan a pelexar o "*home do GTC*" e Muro (pelexa entre machos), pero que remata sen incidentes, agás Muro que está sufrindo polo vaso de viño derramado na beirarrúa cando comezou a discusión.

Xa coa chegada de máis amigos trasladamos todo a outro lugar acompañados pola feliz parella. Collemos os coches, a parella o seu GTC, o Xefe a acompañado por a señorita Liz nun Ferrari e eu con Marisa no Lamborghini, cando de súpeto ao saír do aparcadoiro Muro dando boleiradas pola beirarrúa lánzase á estrada e é cando o Ferrari do Xefe o esmaga como un becho na autoestrada. Ante tal golpe, achegámonos a ver o estado do animal e vemos que o pobre xa estaba cun pé no outro barrio; Marisa chama a ambulancia a berros porque xa estaba dos nervios. Muro tirado no chan co derradeiro folgo de aire di as súas últimas palabras, "Meiguiña, quérote". Cando chegaron os matasáns Muro xa falecera. Coa morte do salvaxe Muro porase fin ao acoso a Meiguiña.

E como todas as historias a parella casa, come perlices e ten moitos fillos.

Adrián Fernández López  
2ª BAC - TA

## DEFENSA DO GALEGO.

O día 17 de maio é o día das Letras Galegas e tamén é o Día Internacional da Internet. Este ano ten lugar a segunda edición do concurso "Lingua de amor", concurso no que se escriben declaracións de amor a través do correo electrónico.

Con este concurso preténdese que o galego conquiste novos espazos ( sobre todo aqueles nos que os novos se comunican habitualmente ) e tamén fomentar o uso do galego entre a mocidade como instrumento útil para que se relacione, porque se a nosa lingua é o galego... por que non empregalo para expresar o que sentimos? Como galegofalante que son gústame que se propoñan este tipo de actividades para fomentar o galego. Parece mentira que estando en Galicia e nos tempos nos que vivimos aínda existan prexuízos cara esta lingua.

Para min o galego é unha das linguas co léxico máis rico para expresar sentimentos. Quen non coñece o termo "morriña"? Este termo expresa claramente o que sente unha persoa cando está lonxe do seu fogar.

O galego é melodioso, enormemente propicio para expresar o máis íntimo do noso ser (como os exemplos que temos na poesía de Rosalía) ou a enerxía vital do pobo galego.

Desde estas palabras animo a que todos os que falen galego o continúen a facer, sen temor a sentirse menos cós demais, e que cando chegue o 17 de maio celebren este día con toda a paixón que teñen dentro do seu ser, tendo presente o orgullo de ser de Galicia.

Ana Margarida Pacheco Matias  
2º BAC. CiB

## O Solito

Apareceu un bo día de inverno pola miña aldea. O de bo é un dicir, porque levabamos unha longa tempada mortiños de frío polas xeadas que caían noite si e noite tamén.

Era moreno, estaba nos ósos, vestido con farrapos e cun pouco máis de carne no seu corpo, non debía ser mal parecido.

Podería ter uns corenta anos, aínda que era difícil acertar a súa idade pois debido as súas condicións físicas o mesmo podía ter dez anos abaixo ou arriba.

Sendo as sete da noite daquel bo día petou na miña casa e, como non esperabamos a ninguén, miñas tías deixaron de fiar, meus tíos deixaron de estrar o gando e ata miña avoa deixou de facer o refrito para as patacas que íamos cear de alí a pouco. Podía ser un veciño ou calquera amigo meu, podía ser; pero todos sabiamos que os veciños e os meus amigos nunca petaban á porta. Xa ninguén pensou no mozo de ningunha das miñas tías porque non era día de mocear. Por poder podía ser calquera, pero todo o mundo na casa se paralizou pensando que estaba a punto de suceder un milagre ou algo terrible.

— Veña, Pepiño, díxome miña avoa. Co frío que vai, quen sexa o que chamou, con esa disposición que tedes ben pode morrer antes de abrirelle a porta —Veña, vai axiña e mira quen é.

Penso que miña avoa se dirixiu a min un pouco por romper aquel silencio que se fixera na casa ao oír os petos na porta e outro pouco, porque como era pequeno non tiña tanto medo como os demais.

Peguei un brinco e poucos segundos despois estaba abrindo a porta

— *Una limosnita por el amor de Dios*

Tardei menos en volver á cociña que en ir á porta.

—¿Qué che pasa, viches ao demo?

A miña cara debía estarlle dicindo a todos que o que vira non me gustara nada.

—Cuspidiño, avoa, cuspidiño.

Miña avoa, arremangada como estaba, saíu á porta para ver ao que me facía tremer.

— Ven aquí, Pepiño  
Fun pouco a pouco e  
púxenme detrás dela;  
gorda como era e só vía  
o seu cu, unha fermosa  
vista nas circunstancias  
en que me atopaba.

— Este señor é un pobre  
pero non fala galego.  
Fala castelán

— Non pode ser, avoa,  
se fala castelán coma o  
cura e o mestre, non  
pode ser pobre — res-  
pondín.

— Si, home, si, noutras terras hai xente que fala castelán e son pobres

— E por que falan castelán se son pobres?

— *Una limosnita por el amor de Dios.*

Miña avoa, como era tradición no contorno, mandouno pasar. Era de xudeus ter un pobre á porta

— Pase, bo home, pase que seguro que estará morto de frío e dentro poderá tomar unha cunca de caldo e quentarse co lume da lareira.

Non parecía entender o que miña avoa lle estaba a dicir ata que lle abriu totalmente a porta e entrou con paso cansado.

Maruxa - berrou miña avoa - vai buscar unhas mantas de trapos e faille na palleira con palla e herba seca unha cama para este pobre. Non é caso de deixar que pase a noite fóra.

—Avoa, moi listo debe ser este pobre para saber falar castelán.

— Non, home, na súa terra apréndeno a falar como aprendemos nós aquí a falar o galego e como has de aprender ti na escola a falar o castelán

— Entón non quero ir á escola. Agora que xa sei falar galego, para que quero aprender a falar en castelán?

— Anda, pasa para dentro que non sabes o que dis; Como ías escribirmos as cartas cando estiveras no servizo?



Non entendín a explicación pero pensei que miña avoa, como case sempre, levaba razón.

Cando chegamos á cociña xa o pobre estaba comendo no caldo que lle servira nunha cunca unha das miñas tías e todos o estaban moendo a preguntas: de onde era, como chegara á nosa aldea, se estaba casado, canta familia tiña,..... O da familia parecía entendelo porque sempre que aparecía esa palabra contestaba: *Estoy solito en el mundo*.

Moito medo pasei aquela noite. Eu estaba afeito a que na palleira durmiran pobres que falaban galego, pero este ¡falaba castelán.

Ao seguinte día houbo que darlle o almorzo, o xantar e a cea e así pasou unha semana, oíndolle "*estoy solito en el mundo*", cada vez que escoitaba a palabra familia.

Como nin o seu nome dicía pasamos a chamarlle **O SOLITO** e, se *solito* estaba no mundo, agora era **SOLITO**.

Todos sentiamos pena por el, así que miña avoa decidiu tomalo como criado coa condición de darlle de comer, vestilo e pagarlle unha pequena soldada cada mes.

Desde ese día, como os criados eran como da familia, pasou o *Solito* a durmir no cuarto dos meus tíos e a traballar na terra como calquera labrego. Nas mans finas e de longos e bonitos dedos notábase que nunca a terra traballara pero poñía tal afán no traballo que logo aprendeu o esencial e pouco a pouco, moi pouco a pouco, empezou a falar galego de tal xeito

que, pasados uns anos, mantiña unha conversa na lingua da súa terra de adopción.

A calquera membro da familia, segundo miña avoa, por "*curtesía*", estáballe prohibido facerlle ao *Solito* calquera pregunta sobre a súa vida pasada e cando algún alleo lle facía unha pregunta sobre este tema o *Solito* miraba cara o chan e cando erguía a cabeza semellaba que de cada ollo querían saír montóns de bágoas.

Cando ía á feira sempre me traía algunha lambetada como unha laranxa, unhas rosquillas ou calquera xoguete barato como un chifro que me entregaba como quen llo entrega a un fillo a quen se quere con toda a alma e que eu recibía con ledicia pero coa sensación de que era outro quen debía recibir aquel presente. De seguro que eran figuracións miñas.

Morreu miña avoa, casaron miñas tías e meus tíos e meus pais, que herdaron o lugar, cando o *Solito* ía vello coidárono ata que morreu.

Moito chorei ese día. Xa era un home feito e dereito e por iso tiña a seguridade de que morrera o meu mellor amigo aínda que nunca me dixera de onde era, como chegara á nosa aldea, se estaba casado ou canta familia tiña. Por outra banda quedábame o consolo de que o *Solito* desde que chegara á nosa casa nunca "*solito*" estivera.

**Luís do Castiñeiríño**


## Educación física

Estimados alumnos, se por casualidade non vos gustaba a disciplina de Educación Física estades de en hora boa xa que se fala dunha redución horaria da Educación Física no sistema educativo obrigatorio.

Segundo o comunicado do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física de Galicia (COLEF), a nivel estatal, o Real Decreto 1631/2006 do 29 de decembro determina un horario mínimo de 140 horas (repartidas entre os 4 cursos) na Educación Secundaria Obligatoria (ESO) e o Real Decreto 1467/2007 do 2 de novembro establece 35 horas no primeiro curso del Bacharelato (por tanto os mínimos estatais actualmente coa LOE son de 1 hora á semana na ESO e 1 hora en primeiro de Bacharelato).

Desde aquí manifesto o meu máis sincero desacordo coa redución desta materia, sobre todo tendo en conta o aumento do nivel de sedentarismo e obesidade dende idades cada vez máis temperás. A obesidade constitúe un problema de saúde pública e é un dos padecementos endémicos dos países desenvolvidos, onde a poboación máis afectada é a clase media.

A actividade física contribúe á prolongación da vida e a mellorar a súa calidade, a través de beneficios fisiolóxicos, psicolóxicos e sociais, que foron avaliados por investigacións científicas.



Resumindo, por que iamos querer ter menos horas dunha materia que nos axuda a mellorar a nosa saúde, que nos ensina hábitos saudables para fuxir do estrés e do sedentarismo e mellora a nosa sociabilidade? Porque é unha educación física, non é deporte ou fútbol simplemente. É espertar en nós o interese por coidar o noso corpo, manter hábitos alimenticios correctos, compartir, ser un equipo... Son bases de futuro que empregaremos no noso día a día. Se a min me axudaron seguro que o poden conseguir con máis cativos.

**Eva Fernández**  
**2º BAC CIB**

## O noso problema: a contaminación

Cando falamos de contaminación estamos a falar de algo que dalgunha maneira nos afecta dun xeito directo ou indirecto porque nós somos os causantes deste prexuízo; a contaminación aféctanos hoxe xa dunha maneira máis que prexudicial para a nosa saúde xa que coa contaminación estamos contribuíndo ao cambio climático, fenómeno que se caracteriza pola subida das temperaturas e que está desconxelando pouco a pouco os polos e isto fai que suba o nivel do mar; pero para a saúde o cambio climático pódenos chegar a producir queimaduras do sol porque a contaminación deteriora a capa do ozono que é o noso principal defensor contra os raios do sol, e ao longo destes anos foise producindo tal deterioro na mesma ata producir un grande furado, que posibilita a entrada dos raios do sol e produciu os efectos que xa dixer sobre a Terra.

Pero a contaminación non só a podemos atopar como se di actualmente na emisión de gases das fábricas á atmosfera, aínda que sexa unha das maiores porcentaxes de residuos botados ao aire, hai outros tipos de contaminación que tamén nos interesan como son os fumes dos coches e outro tipo de vehículos, que se nos damos de conta desde que se produciu a revolución industrial, o petróleo utilizado para mover os motores foi como unha bomba que saltou ao aire, que tiña grandes vantaxes para o medio rural e para todo tipo de des-

prazamentos como os avións; pero que a longo prazo traería consecuencias como as que ten hoxe na sociedade, non só polo que subiu un barril de petróleo ou "cru", que se situou en límites históricos, senón tamén pola gran contaminación que se produce na nosa atmosfera. É un feito que demostra as toneladas de fumes nas cidades e o respirar da xente que cando vas por unha rúa é imposible non detectar o dióxido de carbono expulsado polos automóviles e tanta forma colleu este fume que en cidades con gran afluencia do mundo como Tokío por poñer un exemplo, a xente xa leva mascariñas porque é imposible respirar sen residuos; por iso na actualidade os gobernos de cada país favorecen a fabricación de vehícu-



los respectuosos co noso medio natural. Así xorden os novos vehículos de bioetanol; pero moitas das toneladas de dióxido de carbono que expulsamos a atmosfera dos vehículos poderían ser remediadas con outras solucións como non facer desprazamentos innecesarios: En definitiva a cuestión dos vehículos de transporte é un problema que afecta ás sociedades máis industrializadas. Aínda que estes problemas de contaminación anteriores son os máis importantes, hai outros como é a contaminación na natureza.

Na natureza hai diferentes tipos de contaminación como son as que afectan as augas de mananciais, aínda que non o saibamos cando estamos a botar puríns ou zurros nos prados

estamos a contaminar as bolsas de mananciais de auga que pode haber debaixo. Deste modo estamos contribuíndo a contaminar máis as nosas augas, ademais dos puríns tamén contaminamos os mananciais e regos de auga cos abonos ou fertilizantes químicos, que cunha composición forte estamos a contaminar sen sabelo; e ademais o problema non acaba aí, xa que estas augas van para as aldeas, vilas e cidades e prexudican a nosa saúde sen sabelo; pero tampouco nos descartemos destas contaminacións ás cidades; xa que as augas fecais das cidades van parar por canalizacións ao mar ou a ríos, contaminando as augas, igual que os residuos e aceites das fábricas que van parar ao mar

por canalizacións secretas, desta maneira prexudícanos. Hainos que pensan que o mar o leva todo, pero o mar non é un mago.

Estas e outras causas de contaminación fan que o cambio climático se agrave, por iso agora chéganos un período de reflexión no que todos os países nos debemos poñer de acordo, xa que a contaminación non é un problema dos políticos senón que é un problema de todos, e que traerá graves consecuencias se non a paramos.

**Jesús López Santiago**  
1º BAC H

## Tocaré sufrir este ano?



O pasado 27 de abril puidemos ver una vez máis a entrega do trofeo do Gran Premio de España de Fórmula 1; en concreto a décimo sétima edición. A organización, una vez máis, foi todo un éxito, en canto á carreira os termos xa non estiveron tan claros, sobre todo para os afeccionados españois, xa que unha vez máis nesta temporada Alonso non puido facer máis, cando o seu R28 dixo: basta!, e rompeu o seu motor. A verdade é que foi una grande pena xa que desta volta e coas novas melloras introducidas no monopraza do Asturiano parecía que mesmo podía caer un podio, pero non puido ser.

Os que si estiveron no podio foron Kimi, Massa e Hamilton, ocupando o primeiro caixón o finlandés e os outros dous os seguintes. Este dobre de Ferrari, e sobre todo nun circuíto como o de Barcelona, vén sen dúbida a demostrar que están intratables e que o van estar toda a temporada. E é máis, teñen practicamente todas as papeletas para levar este Mundial; sen dúbida, xa que McLaren non

acaba de atopar esa liña de regularidade, e BMW, aínda que o están a facer moi ben, non está preparado para pelexar por un Mundial.

E todo isto como poderás ver, deixa de lado ao noso grande piloto, pero desgraciadamente este ano non vai poder ser, o seu Renault deixou moi bo sabor de boca a pesar do seu abandono, pero aínda así creo que o obxectivo da escudería francesa vai ter que ser pelexar por entrar algunha vez no podio e tratar de consolidarse como a cuarta forza no campionato; pero nada máis, e sen dúbida mellorar para o ano que vén.

Así que este ano, coma bos afeccionados tocará sufrir, e esperar a que o ano que vén nunha escudería ou noutra o grande Alonso volva triunfar, aínda que isto pode ser o fin da súa carreira deportiva, sobre todo porque as grandes escuderías teñen os seus asentos bastante ben ocupados

Javier Grandío Vidal  
2º BAC TA



## HORÓSCOPO PARA FIN DE CURSO E VACACIÓNS DE VERÁN

### LEO

Teste que centrar máis nos estudos e deixarte de mozos. No verán recibirás una visita moi esperada.

### ARIES

Debes de pensar o que vas facer coa túa vida, nótase que estás moi indeciso e debes de aclarar as túas ideas.

### TAURO

Fai todo o posible para recuperar a esa persoa que tanto te quere. O primeiro amor nunca se esquece.

### PISCIS

Tes que probar cousas novas. Estar sempre no mesmo contorno non che axuda a conseguir os teus obxectivos.

### VIRGO

O mellor para o teu estado de ánimo é saír todos os días coa túa xente e divertirte moito, pero hai que estudar de vez en cando.

### CAPRICORNIO

Non te deixes levar polos sentimentos e se máis impulsiva. Adícalle un pouco de tempo aos estudos e pasáralo ben no verán.

### SAXITARIO

Demóstralle a esa persoa o que sentes por ela e nunca a deixes marchar. Esa persoa está moi namorada de ti e sempre o vai estar.

### CÁNCER

Non deberías de tomar as cousas tan a peito. Relaciónate cos demais e notarás a diferenza; terás unha nova perspectiva da túa vida.

### ACUARIO

Se te centras máis nos estudos lograrás ter unha vida chea de luxos, só tes que repartir o teu tempo para estudar e para divertirte.

### ESCORPIO

Non te preocupes tanto polas cousas que escoitas, se lles fas caso ao teu corazón decatáste que todo é mentira.

### XÉMINIS

Estar afastada da persoa que amas fai que baixes nos estudos. O mellor é que saques o curso agora e no verán poidas estar con esa persoa.

### LIBRA

Estás a sufrir un cambio emocional que non te deixa vivir. Tes que facer todo o posible para saír dese trance e refacer a túa vida de novo.



## A castaña

Eu son unha castaña, que vos está falando desde o ceo das castañas. Vouvos contar a miña historia; chámome Cas e morrín dixerida por un home que se chamaba Xoaquín.

Nacín dentro dun ourizo e vivín alí dúas semanas ata que caín, e daquela saín da casca. Ía moito frío e había unha cousa branca que lle oín a uns homes que era neve; vivín naquel prado, e cando pasou algún tempo a neve converteuse en auga, que é unha cousa transparente que sempre está cambiando de forma, e ela levoume montado nunha folla que son esas cousas que hai nas árbores, ata un río, que é unha acumulación de auga e para quen non o saiba, unha acumulación é que hai moita auga xunta.

O río chamábase Miño – vese que os ríos tamén teñen nome – e de súpeto vin un peixe que viña cara a min coa boca aberta e case me come, o peixe achegábase e cando parecía que me ía comer peguei unha viraxe de medo –que se bote a tremar Fernando Alonso cando me deixen guiar un Fórmula 1 – pero o peixe volvía, e no último segundo dei un chimpó e púxenme enriba del; o peixe comezou a correr e case caio pero non caín e co tempo fíxome caso e entón subín río arriba ata outro río que se chamaba Sil. Alí un barco tiroume e agarreime a el; cando parou montei nun coche que me levou á miña antiga finca, tras pasar uns días nela recolléronme, asáronme e coméronme. Agora estou no ceo e pásao de medo xogando coas nubes.

**Carlos Campos Pérez**  
2º ESO

## Conto da gotiña de auga de “María do Mar” a “María da piscina”

–Ola, son unha gotiña de auga e chámome “María, María do Mar” e vouvos contar a miña historia:

Eu era un átomo que xunto con outros formamos unha molécula de osíxeno, logo mesturámonos con dúas de hidróxeno e...aquí me tes!, unha gota de auga. Unha gota de auga que xunto con outras creamos litros e litros deste líquido. Agora mesmo estoume dirixindo ao mar, imos nun río, aínda nos quedan cento cincuenta e oito quilómetros.... que horror! por riba coa miña compañeira de asento que...ten uns mareos! Menos mal que me lembrei de traer as biodraminas, antes vomitoume enriba, que noxo!, isto pasou a causa dos residuos dos humanos, malditas persoas!

Xa só nos quedan dous quilómetros, xa vexo o mar, supoño que será marabilloso...cos peixiños, as algas, augas cristalinas...

-Badgh!, está todo amarelo, peixes mortos, botellas, caixas, plásticos...

-Eu non! Aí non! Eu aí non me meto!-Clock!-...

-Canastos! Tocoume a min, creo que vou-blarr- vomitar! Velaí está o sol. Estoume vaporizando. Que vida!, en menos dun día fun de viaxe, contamineime e....agora son unha nube de auga aceda. O meu amigo “Fernando Ventos” vaime empurrando polo azul, marabilloso e inmenso firmamento.

-Creo que vou durmir un anaco. Ai, que ben me sentou. Este cheiro é unha central nuclear e ese fume vén cara min. Para, Nando, para, por favor !socorro!.

Maldita sexa agora son unha gota de auga extraaceda, pero... pero, diríxome cara unha piscina con depuradora... toma!

Xa pasou o tempo e atópome na piscina e teño baño cada tres horas. Parece que me recupero. O outro día fun ao xulgado e cambiei de nome, así que agora son “María da piscina”. Lembra de que cada gotiña somos un tesouro e non paga a pena perdelo así, que non contamedes a auga e non a malgastedes, se non nos acabaremos para sempre, por favor “RESPETÁDENOS”.

Grazas.

**Juán M. Fórneas Rey**  
3º ESO

## Opiniós un pouco disparatadas 2º ESO-B

Estamos no Nadal e coma sempre atopamos unhas persoas discutindo sobre o mesmo.

**Criticón:** xa está aquí o Nadal, moito amor, moita paz, pero o que hai aquí é moito vicio!! Todo comer, comprar e regalar...

**Optimista:** non esaxeres que é a época máis bonita do ano.

**Tacaño:** si, si, a subida do IPC, a encosta de Xaneiro. ZP dicindo que comamos coello, as hipotecas polas nubes...

**Ecoloxista:** e o burato na capa de ozono, o efecto invernadoiro, desxéanse os polos...

**Criticón:** por que non te calas? Antes iso non existía e agora tampouco, o que eu digo, que hai moito vicio!!

**Ecoloxista:** pero é que é verdade!!

**Criticón:** siiiii, seguro.

**Ecoloxista:** déixame en paz.

**Tacaño:** no Nadal gástanse unha pila de cartos.

**Ecoloxista:** e envíanse unha pila de gases a atmosfera.

**Criticón:** cáesme mal.

**Ecoloxista:** e ti a min.

**Criticón:** pois fin da historia.

**O Nadal son festas para pasalo ben.**

**Criticón-Xairo**      **Optimista-Alejandra**  
**Tacaño-Lucía**      **Ecoloxista-Andrea**

Tamara, Marcos, Daniel e Mario van camiñando e Tamara empeza a cantar.

**TAMARA:** La la la, la la la, la la la la...

**MARCOS:** Por que estás tan contenta?

**TAMARA:** E logo non o sabes?

**MARCOS:** Non, non o sei.

**TAMARA:** Pois estou contenta porque xa chegou o Nadal.

**MARCOS:** Pois a min non che me gusta nada.

**DANIEL:** A min tampouco porque chegan as notas e os suspenso.

**TAMARA:** Si pero no Nadal a familia reúnese e pásao moi ben, porque nos dan regalos e todo iso, ou acaso iso non é certo?

**DANIEL:** Bo, pero iso é o único que ten o Nadal.

**TAMARA:** Pois non, porque tamén cando neva podemos facer bonecos de neve e esas cousas.

**DANIEL:** Si, pero conxélanseche as mans.

**MARIO:** E encima a neve e a xeadá estrágneme as verzas.

**TAMARA:** En que parvadas vos fixades, o que importa é estar coa familia e intentar pasalo ben.

**MARIO:** Ben, mirado desa forma...

**MARCOS:** Si, tes moita razón.

**Pois entón ímolo celebrar.**

2º ESO-B

## O regalo de Noa

Noa era unha nena de cinco anos que non ía á escola porque tiña que axudar á súa nai. Noa era unha nena moi guapa, de ollos azuis e cabelo louro. Era moi intelixente e moi esperta, e a pesar de non ir á escola sabía moitas cousas. O pai de Noa abandonara á súa nai cando estaba embarazada dela, polo tanto Noa tiña que arrimar o ombreiro e axudar. Todos os Nadais a nena pedía o mesmo: que volvera o seu pai, pero iso non era posible e a súa nai intentaba recompensala con regalos. Aquele ano foi diferente, Noa pedira que non houbera cambio climático. Ela recortaba as noticias dos xornais sobre este tema, e cando saía algunha nova, prestáballe moita atención. Ela sempre dicía: os políticos son parvos, sempre din que hai que facer, que hai que aforrar pero eles nada de nada, non saben que é moi importante deter o cambio climático, porque se lle pasa algo á Terra, pásanos a nós. A súa nai estaba asombrada polo interese que mostraba a nena; mostraba máis atención unha nena de cinco anos que a xente que era maior. Noa estaba moi preocupada polo cambio climático e moi concienciada. Sempre estaba con que había que aforrar, que había que gastar pouca auga...

Un día a nena xa non podía máis e marchou da casa para intentar concienciar a xente do problema que se lles viña encima. Deixoulle unha carta á súa nai onde dicía que non se preocupase, que estaría ben.

Noa emprendeu a viaxe. Ía de porta en porta, explicaba o problema e dicía unha maneira de axudar a frealo, pero como vían que era unha nena de cinco anos non lle facían caso. Un día empezou a nevar e Noa tiña moito frío, xa non podía máis e xusto cando ía renderse co frío, diante dela apareceu un flamante automóbil de cor negra. Del baixou un home con uniforme e subiuna na parte traseira do coche, dentro un home cun traxe moi elegante envolveuna nunha manta e dixo:

-Xabier, dáme unha cunca de leite quente, se fas o favor.

O chofer baixou a ventá e deulle a cunca de leite que a pequena tomou. O señor díxolle:

-Noa, que guapa es, a túa nai nunca me deixou verte!

A nena quedou sorprendida e dixo:

-E ti quen es?

-Noa, son o teu pai. Chámome Fernando da Veiga e son teu pai, pero claro para ti son papá.

A nena quedou asombrada e entre bágoas e choros deulle unha aperta. Polo camiño seu pai contoulle o que pasara e díxolle que era un importante empresario, e entón a Noa ocorreu que el a podía axudar e así foi o seu pai falou con políticos, con empresarios importantes, con enxeñeiros, con ecoloxistas...e conseguiu dar unha charla mundial sobre o tema.

Tras varias horas nunha sala chegaron a un acordo, tiñan que reducir as emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera e que as enerxías que predominasen tiñan que ser renovables. O tratado chamouse o "Tratado de Noa".

E así foi como Noa recibiu en vez dun regalo, dous: un o que sempre pedía que era que volvесе o seu pai e o outro intentar frear o cambio climático.

Patricia Herves 2º ESO-B

## SALVAR Á TERRA

(Colaboracións dos alumnos de 1º da ESO-A)

Querida Terra:

Quero que saibas que non quero que te quedes seca porque senón non medran as árbores nin as flores e tamén secan os prados e as pozas. Tamén sei que estás pasando por unha idade moi difícil e non o estás pasando moi ben.

Gustárame que todos os homes plantáramos moitas árbores para que poida chover e volvas a ser verde.

Adeus Terriña! Cóidate moito e coida tamén de nós.

David Veiga Varela

Querida Terra:

Ti es o único planeta no que existe vida, ti es a nosa vida, es a mellor... Todos te queremos moito, es o noso lugar para vivir, en ti hai o que queremos, todos esperamos que dures moito anos, que os homes tamén duresmos e poidamos vivir tranquilos, que non haxa guerras e que todos nos levemos ben.

Que non contaminen o medio ambiente e aforren auga! Que non haxa lixo!

ES A MELLOR; QUE DURES MOITOS ANOS.

Manuel Cortiñas García

Querida Terra:

Por que hai tanta xente que prexudica a túa vida? Ti nos deches alimentos, a vida a animais, persoas, plantas... Pero case ninguén o agradece. Moita xente recicla, non contaminan, non gastan innecesariamente a auga, non provocan incendios nin moitas cousas máis, pero a maioría fan o contrario. Agora fixeron automóbiles e fábricas que contaminan a capa de ozono. Eu creo que aínda podemos lograr que non desaparezas facendo cousas que non te prexudiquen, se non dentro de poucos anos desaparecerá a vida de todos os seres vivos.

Quero que te mellores e que cures ese buraco na capa de ozono para que non nos queimen os raios do Sol.

PD.: Cóidate moito e cura a ferida que tes. Bicos e abrazos.

Cristina Saavedra Seoane

Querida Terra:

Ti me creaches, por ti nacín; eu agradézochos.

Agora ti estás a punto de perder a vida polo cambio climático e iso é pola nosa culpa. Ata agora contaminamos sen pensar as consecuencias, pero agora queremos parar de contaminar para que ti te salves.

Este inverno foi verán, sempre facía sol e apenas chovía; foi o peor inverno. Non chovía, só facía calor, apenas levabamos roupa de inverno, como se fose verán. Agora nas vacacións de verán seguramente vaia moita calor por culpa do cambio climático.

A xente estará sen ir á praia no verán por medo a queimarse co sol e moitos bares das cidades próximas ao mar terán que pechar e ao final morrerá a cidade pola subida da temperatura; o nivel do mar aumentará e moitas cidades quedarán baixo a auga.

Oxalá a xente en vez de ir sempre en coche fose en autobuses urbanos ou andando para ir a un sitio próximo. Isto é o que eu penso e sinto.

**Rubén Fonteboa Carricoba**

Querida Terra:

Xa son sabedor de que estás pasando por un momento moi malo.

Vin pola televisión como queimaban os teus bosques e como cubrían o ceo cos fumes das fábricas. Agora estamos quedando sen auga nos encoros, porque non chove, porque xa non se forman nubes.

Ti déchesnos a vida e nós como parvos non cho agradecemos como ti esperabas. En vez de coidar o planeta estámolo a estragar de forma moi mala.

Quero que saibas que aínda que hai moita xente que te contamina, eu non estou disposta a quedarme sen a miña amiga

preferida. Farei todo o posible para que te recuperes pronto e volvas ter os teus campos verdes e floridos. Quérote moito. Bicos e apertas.

PD.: Cóidate moito, mellórate pronto e volve estar alegre.

**Alba Rivas Lamagrande**

Querida Terra:

Que tal te encontras? Espero que te encuentres ben, aínda que con tanta contaminación, dubido moito que sexa así..

Estou un pouco asustada porque a túa saúde non é moi boa. Nós, as persoas, contaminamos moito e, aínda que algúns reciclamos, aforramos auga, e intentamos mellorar o planeta, pouco a pouco vaise deteriorando. É que por moito que nos esforcemos, sempre hai xente que malgasta a auga, tira papeis ao chan, provocan incendios e non coidan a natureza. Eu, as veces tamén tiro papeis ao chan (poucas veces) pero prométoche que intentarei non tirar máis.

Se aforrando un pouco, ti vas mellorar, prométoche que hei aforrar todo o máis que poida, pero necesito que máis xente aforre e te coide porque eu soa non te vou poder salvar e iso entrístéceme moito porque quero que dures moitos anos. Intentarei convencer a moita xente para que entre todos salvemos a natureza e te salvemos a ti.

Chegou o momento de despedirme. Que te mellores.

**Silvia Alburquerque Fernández**

#### **A nosa Terra**

*Se a terra  
é nosa, témola  
que ter curiosa.  
Se nós non  
lle temos amor  
a terra terá dor*

**Alberto Méndez Gascón**

#### **A Terra**

*A Terra hai que amala  
tanto como cuidala  
para non prexudicala  
temos que respetala*

**Karen Fontalvo**

#### **A Natureza**

*A Terra é moi importante  
temos que coidala  
e recoller bastante  
para que estea limpa e...amala.*

**Sonia Edrosa Rivas**

#### **A Terra**

*A Terra é moi bonita  
pero como a contaminamos  
un destes días  
a palmamos...  
Miña nai querida  
aí iremos todos,*

*por culpa da contaminación  
hai un buraco de ozono.  
Buraquiño de ozono  
cúrate ben rápido  
se non todos  
acabaremos vivindo no espazo.*

*Querida Terriña*

*xa sabes que te contaminan  
non chores máis pola túa vida  
e segue con alegría.*

*Eu axudareite  
a que non perdas a vida  
convencerei á xente  
de que non contaminen pero se reciclen.  
Carapuchiña vermella  
non vas ter conto  
porque che queiman o bosque.*

**Cristina Saavedra Seoane**

#### **A Terra**

*Contaminante sen piedade  
nunca te queixaches  
pero agora dígoche de verdade  
que todos somos culpables.  
Os corais dos bosques mariños  
estanse a murchar  
por culpa do estrés  
que lle causan ao mar.  
A Natureza desvalida  
busca axuda sen medidas*

*sempre soa na vida  
tívose que enfrontar polos días.  
Nós queremos axudarte  
dámos outra oportunidade  
porque sempre nos quixeches  
de verdade...*

**Alba Rivas Lamagrande**

#### **A nosa Natureza**

*A nosa Natureza  
ten que ter beleza  
ten que estar coidada  
e non estragada.  
Temos que darlle amor  
e estará chea de cor  
se a Terra ten beleza  
é para que ninguén a esqueza.  
Se axudamos na limpeza  
a Terra estará chea de beleza.*

**Kevin Quiroga Pena**

#### **O Planeta**

*Na Terra vivimos  
non a coidamos  
só a contaminamos  
e no futuro diremos:  
sen a Terra quedamos  
Desde este momento a coidamos  
aforremos auga e usemos  
enerxías alternativas*

así á Terra axudaremos  
e a capa de ozono non abriremos.  
Se a isto colaboramos  
estamos salvados  
segurá habendo vida  
e que a Terra viva.

Rubén Fonteboa Carricoba

### A nosa Terra

Miña Terra querida,  
na que eu vivía,  
un día contaminouse,  
e o horizonte queimouse.  
Queimouse cos raios do sol,  
que queiman tamén o meu corazón,  
ao ver como o horizonte ardía,  
cos raios de solo do día.  
Cando todo se apagara,  
eu alucinara,  
vendo que a vida na Terra  
xa acabara.  
Na miña alucinación,  
a min un raio chegou,  
un raio de esperanza,  
ao meu corazón.

E despois de reciclar,  
e moito concienciar,  
viviremos todos nunha Terra,  
sen contaminar.

Diego Corral Vázquez

### A contaminación da Terra

Pobre Terra querida!  
a xente é moi mala,  
déixate contaminada,  
e non axuda a limpiala.  
Pobre Terra querida!  
eu quero axudarte,  
a que a xente mala,  
non che faga un desastre.  
Eu quero axudarte  
facendo reciclaxe,  
e tratando de parar,  
o de talar tantas árbores.  
A auga contaminada,  
os peixes atrapados  
na vasoira que tiran  
ao mar salgado.  
Cando chove moito  
os ríos desbórdanse

e cando non chove  
polas conchas dos ríos  
nada discorre.  
As plantas morrerán  
os peixes tamén  
e por iso o mar  
ten tanto estrés.

Selene Lage Blanco

### A Terra

Ai Terra miña  
canto te estrañaría!  
se morres, eu morrería  
E con esta poesía  
direiche día a día  
canto te quería!  
Aínda que son un neno  
ben sabes,  
que te quero.  
Es a máis fermosa  
da nosa vida  
eu quérote máis cada día.

Mario Arias Martínez

## Parabéns para unha xubilada

Xa hai uns cantos anos que o Primeiro Ciclo de Secundaria está incorporado nos institutos de Lugo capital.

Ao Instituto Politécnico viñemos os mestres/as e os alumnos/as dos colexios "Illa Verde" e "Virxe da Soidade" (Gándaras). Aquel curso o equipo directivo estaba formado por Berta Carballas, M<sup>a</sup> Carmen Latorre, Manuel Astariz e José Manuel López González.

Os mestres/as que viñemos eramos: Angelines Salgueiro, Jesús Sanjurjo (q.e.p.d.), Elvira Rodríguez e Berta González polo "Illa Verde" e M<sup>a</sup> Carmen Pardo (q.e.p.d.), Carlos Adrán, Marina Villamaría e servidora polo "Virxe da Soidade" das Gándaras.

Todos viñamos coa dúbida de cómo seríamos aceptadas no noso novo destino porque tiñamos escoitado comentarios para todos os gustos, pero a acollida non puido ser mellor... É por isto que lle queremos facer chegar a Berta Carballas – a nosa directora naquel momento, e hoxe felizmente xubilada - a felicitación e o agradecemento que tanto os que viven como os que faleceron me transmitiron e comentaron en máis dunha ocasión.

Por que de ti, Berta, sempre tivemos axuda, comprensión e agarimo tanto no aspecto profesional como no persoal. E dentro do profesional, non falemos da disciplina... Porque cando aparecía algún "caso" que pasaba por enriba de toda norma, eras ti a primeiriña que nos dabas o teu apoio e poñías o suxeito indisciplinado no seu sitio.

E como persoalmente nunca tivemos a ocasión de demostrarche os nosos sentimentos, estas letriñas son como unha mostra de homenaxe que nunca che fixemos e que ademais eu, dunha maneira especial, quero deixar constancia do meu agradecemento persoal.

Eu podo presumir e presumo de que fixemos xuntas a carreira de Maxisterio. Lembro que xa naqueles anos vi en ti a compañeira aplicada, serena, correcta e "moi ben parecida". Aínda conservas todo iso; pero cando cheguei ao Instituto descubrín en ti unha virtude moita máis honrosa: a túa humanidade. Explicóme.

O derradeiro ano que ti exerciches de Directora presentóuseme un problema familiar grave, tan grave e tan apremiante que deixei as clases sen avisar e marchei a Madrid.

Desde alí chamei por teléfono para explicarche a miña situación a as túas palabras foron: "Atende ao primeiro que tes que atender e non te preocupes das clases para nada. Vén cando poidas que xa amañaremos todo".

As túas palabras foron de ánimo e tranquilidade que eu necesitaba moito, moito...Aínda me emocionoo pensando o alivio que sentín no meu corazón cos alentos que me deches!

E como todo o que estou contando merece unha lembranza quero expresarche o meu agradecemento xunto co de todos os meus compañeiros mestres e mestras, desexando para ti unha xubilación longa e feliz co abrazo de todos os que te queremos.

M<sup>a</sup> Joaquina Prada Arias

## Cambio Climático e Enerxías Alternativas

Proxecto **Que futuro queres?**



Cando un se pregunta que é o que queremos deixar en herdanza aos nosos fillos, hai algo que damos por suposto: que o medio ambiente no que haberán de desenvolverse será o de sempre...

Esta é unha forma de pensar propia de mediados do século pasado. Agora todo é distinto. Todos o sabemos, o estamos vendo, pero...

Os avances industriais que se veñen producindo desde a Segunda Guerra Mundial e o acoso sistemático a calquera produto que poidamos converter en ben de consumo, a través de procesos industriais e químicos moitas veces extraordinariamente agresivos cara ao medio natural, están a producir unha grave contaminación do planeta, entre cuxos efectos máis importantes, e visibles, resulta o cambio climático.

O actual nivel de vida, coas posibilidades de desprazamento que facilita, trouxo unha liberdade de movementos inimaxinable hai algúns anos, asemade o combate ao frío nas casas e instalacións de calquera tipo, tamén un innumerable cúmulo de aparatos e electrodomésticos que nos acompañan a diario. Todo iso axuda a que o consumo enerxético sexa inasumible e, para complicar a situación, faltan por incorporarse países emerxentes con moitísimos habitantes. E, por riba, existen países incapaces de alimentar e vestir aos seus fillos...

Estes problemas, que nos próximos anos non farán senón aumentar, poñen en perigo moito máis do que poden proporcionarnos para subsistir; ata tal punto que os representantes políticos dos países máis avanzados están a tomar medidas para reducir o impacto na degradación actual do planeta (Tratado de Kioto, entre outros), se ben con fortes dificultades porque todo o mundo quere manter o

seu *status* actual, ou chegar a alcanzar o de maior nivel (de degradación medioambiental tamén).

Diante desta situación, un equipo de alumnos e profesores do IES Politécnico de Lugo está a desenvolver un proxecto que intenta concienciar a todos os compoñentes do Centro. En particular, pretende dar a coñecer as posibilidades que ofrecen os sistemas de obtención de enerxías renovables, e escasamente contaminantes, como solución á imposibilidade de satisfacer toda a demanda requirida dos combustibles fósiles e, mesmo, o seu esgotamento (petróleo, uranio ou carbón) por unha banda, e a súa contribución á diminución da polución medioambiental e do efecto invernadoiro, en definitiva, do cambio climático, por outra.

Deste xeito, ademais doutros traballos como exposicións de paneis informativos, realización de enquisas, creación de prototipos solares, realización de obradoiros prácticos e traballos continuados de medicións, espérase a próxima publicación dos traballos que exporán as solucións técnicas e posibilidades de obtención de enerxías renovables (non esgotables) e non contaminantes como, entre outras a eólica, a solar térmica ou fotovoltaica, o uso da biomasa (e o que pode supoñer de remedio para a limpeza dos bosques) e a hidráulica nas súas diversas formas: dos ríos, e do mar como a maremotriz (das mareas), undimotriz (das olas), no seu estado actual de investigación.

A racionalización de consumos, tanto para evitar gastos inadecuados como por eficiencia, o cambio de costumes, incluso sacrificando niveis de vida, e o uso de enerxías limpas poden axudar a frear un fenómeno ao que temos que enfrontarnos necesariamente, sempre en defensa da calidade de vida e do medio natural que herdamos e que debemos entregar a xeracións futuras nas mellores condicións.

É obrigatorio e condición de supervivencia.

Equipo de CC<sub>e</sub>EA



